



CONCELLO DE POIO

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CINCUENTA E CINCO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do día trinta e un de maio de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. M^a Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia a Concelleira D^a. Irene Ligeró Iglesias, actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel asiste como interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3530.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 25 E 26 DE ABRIL E 20 DE MAIO DE 2011, NÚMEROS 452, 453 E 454.- De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación das actas anteriores das sesións ordinarias e extraordinaria realizadas o 25/04/2011, 26/04/2011 e 20/05/2011 núm. 452, 453 e 454, as que quedan aprobadas por unanimidade.

3531.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta á Corporación do estado de execución dos acordos precedentes e que son as que seguen: "3509.- SORTEO A CELEBRAR PARA A FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS DAS VINDEIRAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DO PRÓXIMO 22 DE MAIO DE 2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos

electores elixidos e á Xunta Electoral de Zona de Pontevedra; 3513.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Intervención Municipal; 3514.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTO EXERCICIO 2010.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Intervención Municipal; 3515.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 6/2011 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da Provincia; 3516.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 7/2011 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da Provincia; 3517.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 8/2011 DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO E CAMBIO DE FINALIDADE DE REMANENTES DE CRÉDITO PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Intervención Municipal; 3518.-CREACIÓN FICHEIRO DENOMINADO "BASE DE DATOS BOLSA DE EMPREGO".- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Servizo de Desenvolvemento Local, remitiuse anuncio ao Boletín Oficial da Provincia; 3519.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN EXPEDIENTE E PREGO DE CLÁUSULAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO BAR DA CASA DE CULTURA DE RAXÓ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Contratación, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da Provincia; 3520.- CONTRATACIÓN, MODIFICACIÓN PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Contratación, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da Provincia; 3521.- BENESTAR SOCIAL, RATIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 9201 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN REALIZADA O 18 DE ABRIL DE 2011, SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PLAN CONCERTADO 2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Consellería de Traballo; 3522.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE AXUDA NO FOGAR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Xunta de Galicia; 3523.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA DE CAMBIO DE FINALIDADE REMANENTE DE CRÉDITO PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Intervención Municipal; 3524.- INTERVENCIÓN, INFORME RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Intervención Municipal; 3525.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 10/2011, CRÉDITO

EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da Provincia; 3526.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 11/2011, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da Provincia; 3527.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E D. MANUEL RIAL BUCETA E MARIA JESÚS NIETO QUINTILLÁN, PARA EXECUCIÓN DA OBRA DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON" DE DATA 5 DE MAIO DE 2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Urbanismo e notificouse aos interesados; 3528.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO SUNC 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL EN SAN SALVADOR-DOCUMENTO DE INICIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo; 3529.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM EN RÚA PEIRAO-SAN SALVADOR, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO. PROPOSTA AO MINISTERIO DE FOMENTO DE MODIFICACIÓN DA LIÑA DE EDIFICACIÓN A UNHA DISTANCIA INFERIOR A 50 METROS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo." A Corporación dáse por enterada.

3532.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Polo Sr. Secretario dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día; a Corporación dáse por enterada.

3533.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 12/2011, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO E CAMBIO DE FINALIDADE DE REMANENTE DE CRÉDITO PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP, ratifica a inclusión do presente asunto na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha.

Polo Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención iniciado por providencia da alcaldía de data 26 de maio de 2011 e coa finalidade de dotación de crédito para poder facer fronte da aportación municipal correspondente ao

proxecto para a Adecuación de Espazos públicos no ámbito rural que ascende a un total de 49.676,75 € dos que 9.935,35 € corresponden ao Concello e a cantidade restante de aportación da subvención da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Consta no expediente informe da Intervención Municipal de data 26 de maio de 2011.

Non suscitándose debate ningún, a corporación por unanimidade de asistentes aprobou a proposta da alcaldía adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a modificación orzamentaria núm. 12/2011, mediante transferencia de crédito que ascende ao importe de 10.000,00 € e minorar a aplicación presupostaria 172.60900 Medio Ambiente. Investimentos novos en bens e servizos destinados ao uso xeral e incrementar a aplicación presupostaria 171.60900. Parques xardíns. Investimentos novos en bens destinados ao uso xeral polo importe de 10.000 €.

Segundo: Aprobar o cambio de finalidade do remanente de crédito para gastos con financiamento afectada: o remanente de tesourería para gastos con financiamento afectada adicado ao investimento "Cascadas do Pereiro" por importe de 10.000 € e adicalo a proceder a contratación do investimento financiado na porcentaxe do 80% pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza relativo a "Adecuación de espazos públicos no ámbito rural" para así levar a cabo o investimento "Parques infantís en Viñas, Ucha e Raxó".

3534.- URBANISMO, DAR CONTA DOS CATRO INFORMES EMITIDOS POLOS TÉCNICOS MUNICIPAIS RESPECTO DO PLAN PARCIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE FRAGAMOREIRA-SAN XOÁN.- Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 18 de maio de 2011 que contén os informes emitidos pola Arquitecta Municipal, Enxeñeiro Municipal, Técnica de Aperturas e Asesor Xurídico e que se transcribe a continuación: "Previa lectura do informe emitido o día 25/04/2011 pola Arquitecto Municipal que di textualmente:

"En relación ao plan parcial do SUZI 1 de Fragamoreira e ao respecto da última documentación achegada ao expediente, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

1. O 31/03/2011 a Xerencia de Xestur presentou escrito no que indica que en resposta á reunión técnica

celebrada o 18/01/2011 e unha vez estudadas polo Departamento técnico de Xestur e de Eptisa as distintas cuestións técnicas formuladas, remitíronse á atención desta técnico diversos e-mail en relación coas cuestións técnicas. E achégase co escrito unha copia dos correos remitidos.

2. Ao respecto dos e-mail remitidos ao correo de obras do Concello, debo aclarar que nas datas en que foron remitidos esta técnico atopábase de baixa por motivos de forza maior dende o 10/02/2011, circunstancia da cal tiña coñecemento Xestur a través do correo electrónico remitido dende o Concello. Logo da incorporación ao traballo e debido a problemas informáticos coa dirección do correo de obras (problemas alleos á técnico municipal), recibo no meu correo persoal o 23/03/2011 a documentación remitida por Xestur inicialmente. Debido á carga de traballo acumulado durante o período de baixa laboral, non se informa ao respecto da documentación remitida por Xestur con tanta celeridade como sería desexable, si ben foi intención desta técnico evitar a demora na medida das miñas posibilidades. Sirva este punto como aclaración á Xerencia de Xestur no que respecta ao retraso ou á suposta inactividade da arquitecto municipal.

3. Na reunión técnica mantida no Concello o 18/01/2011, e en relación á documentación para a aprobación definitiva do Plan Parcial do SUZI 1, abordáronse diversas cuestións técnicas e xurídicas. Á marxe das cuestións xurídicas formuladas polo asesor xurídico do Concello e outras técnicas formuladas polo enxeñeiro municipal, no que atinxe ás cuestións técnicas formuladas pola arquitecto municipal, tratáronse os seguintes temas:

- Diferenza na superficie do ámbito que implica a xustificación dunha modificación non superior ao 5% da superficie reflectida no documento de aprobación inicial e derivada do topográfico levantado aos efectos
- Incumprimento das condicións da ficha do SUZI 1 da Normativa do PXOM, no que respecta á altura das edificacións
- Incumprimento da Normativa de usos do PXOM no que respecta ás prazas de aparcamento privadas esixidas para o uso comercial de 1ª categoría e uso oficina en edificio exclusivo
- Referencia á normativa de habitabilidade derogada no artigo 46 do documento II de Ordenanzas Reguladoras
- Diferencia co PXOM na altura de peches de parcela (no PXOM 2,00m e no plan parcial 2,50m)
- Diferencia co PXOM na altura libre mínima das

plantas baixas (no Plan Parcial 2,80m no PXOM 3,00m para o uso comercial)

- Posibilidade de edificabilidade non lucrativa vinculada ás zonas verdes (quiosco, aseos públicos, etc...)

4. En resposta a estas cuestións técnicas, achéganse copia dos e-mail intercambiados entre os técnicos de Eptisa e de Xestur e a seguinte documentación corrixida en formato .pdf (co texto modificado resaltado):

- 01 memoria xustificativa (xaneiro 2011)
- 02 ordenanzas reguladoras (xaneiro 2011)
- 05 tramitación (xaneiro 2011)

5. Ademais das cuestións técnicas tratadas na reunión de xaneiro de 2011 e logo de seguir revisando a documentación do plan parcial, advírtense outros defectos a rectificar que se indican no fundamento último deste informe.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Ao respecto da diferenza de superficie do eido do plan parcial entre a reflectida no documento de aprobación inicial e o documento para aprobación definitiva:

No apartado 5.4.b) do documento I de Memoria Xustificativa (xaneiro 2011), indícase que a superficie estimada na ficha do PXOM é de 338750,00m² e que segundo o levantamento taquimétrico a superficie real é de 394076,00m².

No documento para aprobación inicial indicábase que a superficie real do eido é de 400252,00m², e que cun axuste xustificativo do 2,33% da superficie real, resultaba en total unha superficie do eido de 390919,00m².

Se a superficie real de partida son 400252,00m² e se modifica xustificadamente o eido en 17140m², a modificación representa o 4,28%, porcentaxe inferior ao 5% que establece o artigo 62.2 da LOUG.

2. Ao respecto da altura das edificacións:

No documento II de Ordenanza Reguladoras (xaneiro2011) e, concretamente, no título VIII de Ordenanzas Reguladoras de cada zona, regúlanse os parámetros edificatorios de cada zona de ordenación. Nas Ordenanzas O-1 comercial, O-2 industria escaparate, O-3 industria media establécese unha altura máxima de cornixa de 12m, na Ordenanza O-5 zona loxística (distribución e almacenaxe) de 16m e na Ordenanza O-4 oficinas unha altura

de cornixa de 7m e altura total de 12m.

No apartado 5.4.d) do documento I de Memoria Xustificativa (xaneiro 2011) indícase que con carácter xeral considerouse que a altura de 7m é escasa para as actividades previstas no parque empresarial, polo que aumentouse dita altura no Plan Parcial ata os 12m naquelas ordenanzas nas que se puidesen condicionar por esta limitación, principalmente para permitir a instalación de pontes-grua. En tal sentido unicamente para as zonas previstas de usos oficinas consideran como altura máxima os 7 metros indicados no PXOM.

Nas condicións particulares da ficha do SUZI 1 da Normativa do PXOM indícase que a altura será 7m e no caso de que os procesos industriais requiran maior altura deberá de xustificarse adecuadamente.

En cumprimento da ficha do SUZI 1 do PXOM, unicamente se pode aplicar a excepción de superar os 7m de altura no caso do uso industrial e, en cada caso concreto, deberá de xustificarse adecuadamente a esixencia de maior altura.

Segundo isto, nas Ordenanzas do Plan Parcial excédese de xeito xeral a altura prevista no PXOM. Concretamente, no caso do uso comercial e industria (media e escaparate) excédese en 5m e no caso do uso de industria loxística en 9m. No caso de oficinas establécense os 7m de altura de cornixa pero permítense unha altura total de 12m (resultando 5m de diferenza entre a altura máxima da cornixa e a altura do cumio máis alto). A xustificación de que a altura de 7m é escasa para as actividades previstas no parque empresarial, polo que aumentouse dita altura no Plan Parcial ata os 12m naquelas ordenanzas nas que se puidesen condicionar por esta limitación, principalmente para permitir a instalación de pontes-grúa, semella insuficiente xa que un incremento na altura de cornixa implica un maior número de plantas aproveitables nas edificacións e polo tanto un incremento na edificabilidade prevista no PXOM. Por outra banda, a excepción de superar os 7m só é aplicable a usos industriais con procesos industriais específicos, polo que non se xustifica un aumento de altura no uso comercial e no uso de oficina.

Ademais da altura de cornixa, o Plan Parcial debería de definir o número de plantas máximo permitido nesa altura máxima e, no caso de resultar entreplantas, a súa porcentaxe de ocupación, altura libre mínima, etc... (si ben hai que ter en conta que a Normativa do PXOM non regula as entreplantas).

3. Ao respecto das prazas de aparcamento privadas esixidas para cada uso:

As Ordenanzas do Plan Parcial establecen con carácter xeral que no interior das parcelas será necesario dispor de espazo para prazas de aparcadoiro en proporción a 1 praza por cada 120m² construídos (1 cada 150m² no caso de equipamentos).

Esta proporción resulta da xustificación reflectida no apartado 5.6.3 do Documento I de memoria xustificativa, sobre reserva de solo para aparcadoiros de vehículos. En dito apartado, indícanse os parámetros esixidos pola LOUG (art. 47.2.c)) para eidos de uso industrial e terciario de 1 praza cada 100m² e calcúlanse as prazas esixibles legalmente que resultan ser 2088 e das que 477 prazas deben de ser de dominio público. No mesmo apartado xustifícase a existencia de 723 prazas de dominio público entre as dispostas no viario público e nas praias de aparcadoiro e, como nota ao pé do cadro 5.6.3.1, indícase que as 1365 prazas restantes deberán de cumprirse no interior das parcelas privadas o que supón que no interior das parcelas deberán reservarse nos proxectos de edificación 1 praza por cada 120m² edificables.

A Normativa do PXOM establece o aparcamento obrigatorio para cada uso segundo a Ordenanza da zona na que se emprace o uso e regula especificamente no uso comercial de categoría 1^a (edificios dos que o uso dominante sexa o comercial) a esixencia de aparcamento na proporción de 1 praza por cada 50m² construídos a partir dos 500m² construídos dedicados a esta actividade, e no uso oficina en edificio exclusivo 1 praza para cada 50m². Este parámetro está indicado no antedito apartado 5.6.3 da memoria xustificativa do Plan Parcial si ben non se xustifica o seu cumprimento.

Segundo isto, o plan parcial debe de cumprir as determinacións do PXOM, neste caso máis restritivas, no que respecta a Ordenanza O-1 comercial.

4. Ao respecto da referencia á normativa de habitabilidade derogada no artigo 46 do documento II de Ordenanzas Reguladoras, corrixiuse o erro e aparece reflectido o Decreto 29/2010, de 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas en Galicia.

5. Ao respecto da diferenza co PXOM na altura de peches de parcela (no PXOM 2,00m e no plan parcial 2,50m), debe de reflectirse a medida máis restritiva de 2,00m.

6. No que respecta a altura libre das plantas baixas, no Plan Parcial debe de cumprirse a condición de 3,00m mínimo no uso comercial en cumprimento do apartado 5.3.6 da Normativa do PXOM, para evitar dúbidas de interpretación na tramitación das correspondentes licenzas de actividade.

7. No que respecta á posibilidade de edificabilidade non lucrativa vinculada ás zonas verdes (quiosco, aseos públicos, etc...), na Ordenanza O-7 introduciuse un apartado c) segundo o cal poderán construírse edificacións de instalacións de servizos (quioscos de música, postos de revistas, teatros descubertos, ...) que non poderán superar máis do 2% da superficie total e unha altura máxima de 3,50m. Este apartado cumpre coa Ordenanza 10 da Normativa do PXOM.

8. Ao respecto do parcelario resultante, no artigo 17º do Documento II de Ordenanzas reguladoras, indícase que "no plan parcial inclúe un plano parcelario (II.3) que permite identificar cada unha das parcelas resultantes e xustificar a ordenación establecida". Indícase ademais que "o plano parcelario non é vinculante, debendo entenderse como a proposta de ordenación de base do Plan Parcial que se concretará na execución do correspondente proxecto de urbanización".

Así mesmo, no apartado 1.c) das Ordenanzas O-1, O-2 e O-3 de edificación indícase que o plano II.3 "parcelario" non é vinculante e que a definición final das parcelas realizarase en última instancia no proxecto de urbanización.

Neste caso, deberase de ter en conta que o proxecto de urbanización debe aterse ás competencias atribuídas polo artigo 110º da LOUG, que o define como proxecto de obra cuxa finalidade é executar os servizos e dotacións establecidos no planeamento. O Regulamento de Planeamento establece (art. 67º) que en ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime de solo ou da edificación e (art. 68º.2) que cando a adaptación de detalle supoña alteración das determinacións sobre ordenación ou réxime do solo ou da edificación dos predios afectados polo proxecto, deberá de aprobarse previa ou simultaneamente a correspondente modificación do plan.

Segundo isto, se a definición final das parcelas por motivo da execución proxecto de urbanización se vise modificada respecto da aprobada definitivamente no plan parcial, é necesario a modificación puntual do plan

parcial.

9. Por outra banda, segundo o art. 73°.b) do Regulamento de Planeamento non será necesaria a reparcelación cando o plan se execute polo sistema de expropiación.

Sen embargo, dende o punto de vista da inscrición rexistral (RD1093/1997) das parcelas de cesión é necesario que exista un plano de parcelas resultantes "vinculante" que describa cada unha delas (superficie, lindeiros e destino).

Debe aclararse xuridicamente en que momento deben de definirse as parcelas resultantes e se é perceptivo a tramitación dun expediente especial no que se determinen as parcelas susceptibles de aproveitamento e se describan as superficies que deben de cederse obrigatoriamente (este expediente substitúe ao de reparcelación).

10. Ao respecto do indicado no art. 19° do Documento II_ de Ordenanzas reguladoras, sobre segregación de parcelas, o plan parcial establece como condición para segregar ou dividir parcelas para formar outras de menor tamaño que a ordenación se realice mediante "estudo de detalle" e determinanse condicións de estrutura, accesibilidade, servizos urbanísticos, edificabilidade, parcela mínima, recuados e altura. No mesmo artigo indícase que a nova parcelación estará "suxeita a licenza".

Deste último apartado despréndese a necesidade de presentación de proxecto técnico de segregación para solicitar a licenza (art. 195° da LOUG) xa que o art. 73°.2 da LOUG establece que os estudos de detalle en ningún caso poderán parcelar o solo.

Tendo en conta que o eido de segregación son 4500m² e a ordenación remítese a o estudo de detalle, debe de regularse ancho mínimo de viais interiores que poidan xurdir da nova parcelación, a posibilidade de conceder licenza de obra individual con fronte a un vial privado (un estudo de detalle non pode abrir viais públicos que non estean definidos no plan parcial), a participación das parcelas resultantes na propiedade dos viais interiores, etc.

Por outra banda establécese a parcela mínima resultante non inferior a 675m² con un fronte mínimo de 15m. Sen embargo, unicamente na Ordenanza comercial (O-1) se establece esta parcela mínima. Parcelar eidos de, como mínimo, 4500m² en parcelas non inferiores a 675m² implica

un cambio de Ordenanza xa que o plan parcial define diferentes parcelas mínimas segundo a Ordenanza de que se trate.

INFORME

Polo exposto, informo o seguinte:

As modificacións introducidas nos documentos achegados por vía do correo electrónico no que respecta á porcentaxe de modificación do eido, da normativa de habitabilidade e edificacións en zonas verdes cumprimentan o indicado na reunión do 18/01/2011.

Na documentación achegada non se deu cumprimento ás cuestións formuladas na reunión de xaneiro do 2011 no que respecta á altura das edificacións e ás prazas de aparcadoiro esixibles para o uso comercial de categoría 1ª e oficina en edificio exclusivo definido na Normativa do PXOM. Igualmente, o que respecta á altura libre das plantas baixas de uso comercial e á altura máxima dos valos de cerramento dos terreos.

Sen prexuízo doutras consideracións xurídicas, a xustificación de maiores alturas ou de menor porcentaxe de prazas de aparcamento debe de constar no documento de memoria xustificativa ou ben deberá de optarse pola modificación puntual do PXOM de considerarse que os parámetros definidos neste non se axustan á realidade do uso principal (industrial) e dos usos compatibles do SUZI 1.

Todo o exposto baséase en que o Plan Parcial non poderá modificar a ordenación detallada do PXOM se a modificación implica un incremento da superficie edificable total nin un incremento da altura ou dos usos globais que se establezan no PXOM (art. 62.c) da LOUG) e, igualmente, o plan parcial non pode modificar, en ningún caso, as determinacións do PXOM (art. 44.2 do Regulamento de Planeamento).

Por último, debe de aclararse a cuestión do parcelario "a título indicativo" e dos estudos de detalle aos que se condicionan as parcelacións, segundo o apuntado nos fundamentos 8 a 10 deste informe. "

E previa lectura do informe emitido o día 25 de abril de 2011 polo Enxeñeiro Municipal do Concello que dí textualmente:

"Revisada la documentación presentada por Xestur Pontevedra mediante correo electrónico con fecha 10/02/2011 sobre el Plan Parcial del Parque Empresarial de

Fragamoreira, en lo referente a los servicios y redes de conexión del polígono con la red municipal existente, cabe informar lo siguiente:

Que en el informe deste técnico municipal emitido con fecha de 23 de diciembre de 2.010, se hacia referencia a los siguientes puntos:

1. Red viaria.
2. Conexión con infraestructuras generales del servicio de Abastecimiento.
3. Conexión con infraestructuras generales del servicio de Saneamiento.

En la documentación presentada mediante correo electrónico sobre El Plan Parcial del Parque Empresarial de Poio (Pontevedra) y Estudios Complementarios Contempla en el tomo **1 de 4: Doc. 1 - Memoria Justificativa**, que la conexión, dimensionamiento y refuerzo de las infraestructuras existentes para que las mismas puedan garantizar los caudales en general con los servicios municipales, se contemplará un estudio pormenorizado de las medidas de refuerzo y actuaciones, estas se definirán adecuadamente en el proyecto de urbanización, no obstante en el plan Parcial se refleja una partida con una estimación económica, que debería justificarse mediante una valoración real y detallada, ya que esa estimación parece insuficiente para las actuaciones que se tienen que realizar.

Así mismo en esta memoria justificativa desarrolla las soluciones a adoptar de los diferentes trazados y características de las infraestructuras de servicios y conexión del sector con las infraestructuras generales de servicios.

En relación a las dotaciones de abastecimiento estimadas deberán cumplir como mínimo las del PXOM, pudiendo en el plan parcial superar las dichas dotaciones.
”

E previa lectura do informe emitido o dia 3 de maio de 2011 pola Técnica da Unidade de Aperturas, que dí textualmente:

” UNIDADE: APERTURA de Establecementos e instalación de Actividades

Asunto: PARQUE EMPRESARIAL SUZI 1_ PLAN PARCIAL_ APROBACIÓN DEFINITIVA

Situación: Fragamoreira. San Xoán

Promotor: CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO. Xestión: XESTUR PONTEVEDRA

INFORME

A.- Consideracións respecto ao plan parcial do SUZI 1 de Fragamoreira dende unha perspectiva dos usos e actividades a instalar

1.- O Plan Parcial no Título III Normas de uso artigo 42 uso industrial apart. 2 a) categorías indica que de conformidade co establecido no apartado 5.3.9.2.a) do PXOM ,os establecementos industriais a implantar no eido do sector, corresponderanse coas categorías seguintes :

.CATEGORIA 3ª.- ACTIVIDADES INDUSTRIAIS A LOCALIZAR EN ZONAS E POLIGONOS INDUSTRIAIS

No documento non se recollen as actividades industriais definidas na categoría 2ª " ,actividades industriais compatibles con zonas residenciais ,que teñen que situarse en edificios exclusivos e independentes separados de edificios de vivendas con valo continuo de non menos de 30 cm de espesor, sen vivendas nas plantas superiores, en patios de rueiro con tolerancia para edificación nunha planta, en polígonos industriais. Poden pertencer a esta categoría os seguintes grupos e nas condicións que se sinalan : Grupo 1.....

Son 8 grupos , están clasificados segundo os usos, actividades e procesos que realicen , dende talleres de todo tipo : mecánicos, chapa e pintura, artes gráficas, madeira, pedra, metalúrxicos,etc a pequenas fabricas ,manufacturas, ou almacéns .As condicións ,ádemas das sinaladas , son entre outras: a potencia instalada e a ocupación, que no pode ser superior a 600 m2 .

No PXOM na categoría 3ª indicase que tamén se inclúen nesta categoría tódalas industrias e almacéns non incluídas nas anteriores por rebasar os límites establecidos para ela; aquelas que non é indispensable situar dentro de núcleo urbano; e aqueloutras que pola súa insalubridade, perigo ou incomodidade son incompatibles coas zonas de vivenda.

Vistas as ordenanzas do Plan parcial para a industria ,sobre todo a parcela mínima esixida , non parece que se contemple a instalación de este tipo de industrias (medias ou pequenas) ,actividades que tampouco poden instalarse ou legalizarse fora do ámbito do Polígono Industrial , por non permitilo o PXOM , (non se contemplan os usos nas diversas ordenanzas , se restinxen os metros ou a potencia, soio hai solo industrial en Campelo) ou non o permite a lexislación do solo de Galicia .

En conclusión : nin se permiten, nin se da saída a unha gran parte da pequena industria que xa existe no Concello .

Visto o anterior considero que a **Ordenanza 1 " Comercial"** , debería ter un uso mixto Comercial - Industrial (tendo en conta ademais, que o uso comercial no PXOM defínese como venda polo miúdo) así ,podereina

agruparse parcelas segun as necesidades , e o uso **MIXTO englobaría e compatibilizaría usos industriais con usos comerciais e terciarios** , nesta ordenanza incluíriáanse as actividades industriais da categoría 1ª e 2ª , así se contemplarían : talleres , laboratorios, pequena industria, venda ao por maior, almacéns etc.

2.- Non se contempla a **Ordenanza 17 do PXOM** para a instalación e funcionamento de instalacións de telefonía móbil persoal e outros servizos de telecomunicacións e difusión. As estación base de Telefonía móbil teñen como localización preferente os polígonos industriais

3.- Podería contemplarse aqueles usos que implique formación , (non formación interna dunha empresa) senón aquela que necesita importantes instalacións industriais (mecánica-construción-instalacións) para o seu desenvolvemento p.e dos diversos Centros de Formación de sindicatos , empresas ou centros públicos

4.- **Podería** contemplarse e compatibilizar mais usos en algunhas ordenanzas (oficinas -equipamento) :

Centros de recoñecemento (aseguradoras, organismos) centros de reunión, laboratorios, centros informáticos , ximnasios , dispensarios etc. En xeneral calquera uso terciario.

5.- **Debería** especificarse en que grupo/s se incardinan actividades como estación de carburantes , produción de enerxías renovables, telecomunicacións .

B.-OUTRAS CONSIDERACIONES

1.- Os espazos libres da parcela en canto a almacenamento en superficie, debería indicarse que tanto por % da parcela pode dedicarse , e que almacenamento esta prohibido

2.- Dada a altura que se da as naves, debería poderse realizar entreplantas indicando % de ocupación e usos (nas naves industriais debera terse en conta o Regulamento de Seguridade contra incendios)

3.- Si as plantas de soto e semisoto (altura no PP 2,20 mt) se lles quere dar outro uso, que non sexa almacén, aparcamento ou cuarto de instalacións , deben ter a altura que marca o PXON e normativas sectoriais para outros usos .As plantas que se destine a comercial , deben ter unha altura de 3 mt.

4.- Na rede de auga e Hidrantes ao polígono industrial deben establecerse legalmente os diferentes parámetros , subministro, caudal, presión, situación etc en orden a garantir a responsabilidade da Administración para o cumprimento da Lei 9/2004 de 10 de Agosto de Seguridade Industrial de Galicia e Regulamento de instalacións de protección contra incendios RD 1924/93 , CTE.. A Administración debe garantir determinados parámetros ou a

industria terá que facer inversións (depósitos) para garantir o cumprimento da normativa de incendios.

5.- Podela contemplarse o reciclado de augas residuais

6.-Independientemente da obrigaón de instalar previa depuración por superar os límites establecidos na lexislación ou no plan parcial ,en ordena a protección do medio ambiente, maior eficacia e funcionamento das estacións depuradoras, debe contemplarse a obrigatoriedade de que as actividades instalen cámaras separadoras de graxas , aceites, hidrocarburos .(procesos de lavado das naves, aparcamento ,almacenaxe et)

7.- Debería indicarse niveles de emisión de ruídos nas distintas zonas e horarios”

E previa lectura do informe emitido o día 10/05/2011 polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente:

“ Visto o Plan Parcial do parque empresarial de A Fragamoreira - Poio (Pontevedra), promovido por el Instituto Galego de Vivenda e Solo e Xestur Pontevedra, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, cuxo documento de aprobación definitiva foi entregado no Concello o 16 de novembro de 2010, así como o disposto na Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e a Lei 15/2004, que a modifica, a Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, a Lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, e no Plan Xeral e o Convenio suscrito o 20 de abril de 2006 entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo, Xestur - Pontevedra e o Concello de Poio, teño a ben informar o seguinte:

Primeiro.- Informe do enxeñeiro municipal de 23 de decembro. de 2010.

O informe emitido polo enxeñeiro municipal, que consta no expediente de aprobación do Plan Parcial, indica diversas deficiencias que deben corrixirse antes da aprobación definitiva do Plan Parcial no referente á rede viaria, conexión con infraestruturas xerais do servizo de abastecemento e conexión con infraestruturas xerais do servizo de saneamento, indicando as alternativas que considera máis idóneas, para o bo funcionamento destes servizos.

Con data 8 de marzo de 2011, por oficio do Sr. Alcalde, trasladouse a Xestur - Pontevedra copia do informe do enxeñeiro municipal de 23 de decembro de 2010, do que xa tiña coñecemento Xestur Pontevedra na reunión celebrada no Concello de Poio o 18 de xaneiro de **2011**, solicitando do Instituto Galego de Vivenda e Solo e de Xestur Pontevedra

que enviaran ó Concello o correspondente anexo ó Plan Parcial, recollendo as modificacións, observacións e alternativas propostas polo enxeñeiro municipal no seu informe de 23 de decembro de 2010, solicitando o compromiso formal do órgano promotor de realizar ó seu cargo as conexións ao servizo de abastecemento e saneamento que propoñía o enxeñeiro, entre outras o novo emprazamento, distinto o que figura no plan parcial do novo depósito de abastecemento, ó inicio da estrada da Escusa, en terreos pertencentes á comunidade de montes de San Xoán, e en canto ó saneamento, instalar unha EDAR no polígono, redimensionar a rede existente (canalizacións e pozos de bombeo), desde A Seca ata o bombeo de Froiz ou proxectar unha rede independente desde o polígono ata o pozo de bombeo de Froiz, sendo tódolos gastos e trámites que teña que executar o Instituto Galego de Vivenda e Solo, autorizacións das Administracións Públicas, expropiación ou adquisición de terreos, tanto de particulares como da comunidade de montes de San Xoán, a cargo do promotor, sen custe algún para o Concello, polo que a avaliación económica do importe destes gastos debería tamén figurar cuantificada e detallada no estudo económico financeiro do plan parcial.

Con data 25 de abril de 2011, o enxeñeiro municipal á vista da documentación presentada por Xestur Pontevedra, do documento I do tomo 1, memoria xustificativa, indica que a conexión, dimensionamento e reforzo das infraestruturas existentes para que as mesmas poidan garantir os caudais e xeral cos servizos municipais, **contemplarase** un estudo pormenorizado das medidas de reforzo e actuacións, **estas definiranse adecuadamente no proxecto de urbanización, non obstante no plan parcial, refléxase unha partida cunha estimación económica.** Así mesmo esta memoria xustificativa desenrola as solucións a adoptar dos diferentes trazados e características das infraestruturas de servizos e conexión do sector coas infraestruturas xerais de servizos, por todo ilo, tendo en conta que non se garante adecuadamente as conexións cos servizos exteriores de auga e saneamento do polígono xa que, non se xustifica adecuadamente cal é a solución técnica máis idónea para solucionar o vertido do saneamento, xa sexa directamente ó pozo de bombeo de Froiz ou redimensionando a rede existente desde A Seca ata o bombeo de Froiz, e que non existe o compromiso do promotor de adquirir ao seu cargo os terreos pertencentes a comunidade de montes de San Xoán, incumpríndose no plan parcial o previsto no artigo 64 1) da Louga, o non conter o plan un estudo detallado e unha avaliación económica da implantación dos servizos e da execución das obras de urbanización, incluíndo **a conexión ós sistemas xerais, e se é o caso, as obras de ampliación ou reforzo deles, incumpríndose igualmente o previsto no artigo 64 h) da**

mesma, de conformidade co previsto no artigo 64 h) considera esta asesoría que debe solicitarse, antes da aprobación definitiva do Plan Parcial o informe correspondente da empresa concesionaria do servizo municipal de saneamento e abastecemento AQUAGEST, sobre a suficiencia das infraestruturas municipais para garantir o funcionamento do parque empresarial.

Segundo.- Informe do arquitecto municipal de 25 de abril de 2011.

Con data 25 de abril de 2011, a arquitecto municipal emite informe no que se indican as seguintes observacións ó plan parcial remitido ó Concello para a súa aprobación definitiva:

"Na documentación achegada non se deu Cumprimento as cuestións formuladas na reunión de xaneiro de 2011, no que respecta a altura das edificacións e ás prazas de aparcadoiro esixibles para o uso comercial de categoría 1 e oficina en edificio exclusivo definido na normativa do Plan Xeral. Igualmente, o que respecta á altura libre das plantas baixas de uso comercial e á altura máxima dos valos de cerramento dos terreos,

Sen perxuízo doutras consideracións xurídicas, a xustificación de maiores alturas ou de menor porcentaxe de prazas de aparcamento debe constar no documento de memoria xustificativa ou ben deberá de obtarse pola modificación puntual do Plan Xeral de considerarse que os parámetros definidos neste non se axustan á realidade do uso principal (industrial) e dos usos compatibles do Suzi 1.

Todo o exposto basease en que o plan parcial non poderá modificar a ordenación detallada do Plan Xeral se a modificación implica un incremento da superficie edificable total nin un incremento de altura ou dos usos globais que se establezan no Plan Xeral (artigo 62 c) da Louga) e, igualmente, o plan parcial non pode modificar, en ningún caso, as determinacións do Plan Xeral (artigo 44.2 do Regulamento de P laneamento).

Por último, debe aclararse a cuestión do parcelario "a título indicativo" e dos estudos de detalle aos que se condicionan as parcelacións, segundo o apuntado nos fundamentos 8 a 10 deste informe".

Coa finalidade de aclarar desde o punto de vista xurídico, as dúbidas que plantea o plan parcial e que se poñen de manifesto pola arquitecto municipal, sen perxuízo do que poida alegar os promotores do plan, infórmase o seguinte:

a) Que o plano parcelario que se pretende aprobar definitivamente co plan parcial é vinculante, non podendo variarse mesmo coa execución do proxecto de urbanización.

b) Toda modificación que pretenda realizarse na execución do proxecto de urbanización, que supoña unha modificación das aliñacións previstas no plan parcial,

requiriría a aprobación previa dun estudo de detalle.

c) O plan parcial mestura os estudos de detalle coas licenzas municipais de segregación, cando a Lei prohíbe os estudos de detalle parcelar solo, polo que debe respectarse a competencia municipal para conceder as licenzas de segregación dentro do polígono.

d) O plan parcial debe respectar as determinacións do Plan Xeral, polo que, non parece correcto investir os términos, isto é, aprobar o plan parcial, que incumpre o Plan Xeral, as alturas e usos globais e proceder posteriormente a unha modificación do Plan Xeral para legalizar o plan parcial aprobado.

e) O plan parcial debe respectar tamén o previsto no Plan Xeral non so en canto as prazas de aparcamento previstas no artigo 47 da Louga, senón tamén as prazas de aparcamento privado que esixe o Plan Xeral.

f) Como o sistema de actuación neste polígono é o de expropiación, una vez aprobado definitivamente o plan parcial e proxecto de urbanización e executado o mesmo será o órgano promotor o que teña que ceder ó Concello todas as parcelas cuxa propiedade corresponda ó mesmo, tanto as de aproveitamento lucrativo, como as destinadas a viais, espazos libres, zonas verdes que resulten do plan parcial que se aprobe definitivamente.

Terceiro.- Informe da técnica de aperturas de establecementos e instalación de actividades, de 3 de maio de 2011.

Visto o contido deste informe, considero que debe trasladarse ó promotor, para que, se realicen as modificacións que procedan no plan parcial que se aprobe definitivamente.

Cuarto.- Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 64 h) da Louga, coa finalidade de garantir que o plan parcial debe resolver o enlace do polígono coas redes de subministro de enerxía eléctrica, telecomunicacións e gas, para o bo funcionamento do parque empresarial, debería solicitarse das empresas subministradoras, o correspondente informe sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e dos previstos no plan parcial, e isto en base, ao que se indica na memoria xustificativa do plan parcial da que se deduce o seguinte:

a) En canto á suficiencia do Subministro de enerxía eléctrica, indícase no plan parcial que "estimando un coeficiente de utilización de 0,7, estímase que serán necesarios 11 centros de transformación de 630kva de potencia. O número e situación dos centros de transformación non son vinculantes, xa que a súa completa definición depende das determinacións que a compañía subministradora dispoña. Ditas determinacións reflectiranse no proxecto de urbanización, onde se estudará máis a fondo a infraestrutura eléctrica do parque empresarial".

b) En canto á conexión coa rede de gas do parque empresarial, o plan parcial limitase a indicar que "de acordo coa información facilitada pola compañía, actualmente non é posible subministrar gas ao sector" e sendo o subministro de gas un dos previstos na Louga, considera esta asesoría que debería solicitarse da compañía subministradora de gas o correspondente informe sobre o custe da conexión e subministro de gas ó parque empresarial, asumindo o promotor o custe e execución destas obras de conexión, sen perxuízo do dereito que lle asiste a reintegrarse do seu importe, da compañía administradora de gas.

c) E en canto ó subministro e conexión coas redes de telecomunicacións, tamén sería necesario o informe previo á aprobación definitiva das compañías subministradoras, avaliando o custe das conexións e a suficiencia das mesmas para poder dotar desta infraestrutura ó parque empresarial.

d) Así mesmo, de conformidade co disposto no Decreto 20/2011, de 10 de febreiro polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, debería solicitarse antes da aprobación definitiva o correspondente informe da Dirección Xeral de Aviación Civil, por estar o polígono do parque empresarial afectado pola servidume de aeronáutica da zona do servizo de aeroporto de Vigo.

En efecto, se ben o terreo onde se empra o plan parcial está excluído das limitacións previstas no decreto que aprobou definitivamente o POL, sen embargo, ó estar o polígono incluído dentro da zona de servidume de aeronáutica do aeroporto de Vigo, de conformidade co disposto no Real Decreto 2591/1998, en relación co Decreto 584/1972, modificado polo Decreto 2490/1974, debe remitirse o plan parcial a informe previo da Dirección Xeral de Aviación Civil, do Ministerio de Fomento para que, formule as observacións que estime adecuadas, no que

afectas ás competencias exclusivas do Estado nesta materia, observacións que terán que incluírse obrigatoriamente no plan parcial que se aprrobe definitivamente.

Por todo isto, informo que, antes da aprobación definitiva do plan parcial deben remitirse ó promotor os catro informes municipais indicados do enxeñeiro municipal, da arquitecto municipal, da técnica de aperturas e desta asesoría xurídica, para que se teñan en conta os mesmos cumpríndose os trámites indicados de solicitar os informes correspondentes as empresas subministradoras dos servizos municipais de abastecemento e saneamento e as empresas subministradoras do subministro de enerxía eléctrica, de gas e telecomunicacións, e a Dirección Xeral de Aviación Civil, modificándose o plan parcial e entregando no Concello un texto refundido para a súa aprobación

definitiva polo Concello.”

Esta Comisión acorda:

Primeiro: Darse por enterada do contido de ditos informes,

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).

Terceiro Que se remitan á Xestur-Pontevedra copia dos catro informes emitidos que se reflicten neste ditame.

Cuarto: Que se dea conta deste ditame ó Pleno.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno dáse por enterada e que se remita o acordo a Xestur.

3535.- SECRETARÍA, APROBACIÓN MODELOS DE REXISTRO DE INTERESES DA NOVA CORPORACIÓN A CONSTITUIRSE O 11 DE XUÑO DE 2011.- De conformidade co disposto no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sometido a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día por non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha esta quedou aprobada por unanimidade de votos dos membros presentes.

Dáse conta do expediente tramitado a proposta da alcaldía de data 31 de maio de 2011 para a aprobación dos modelos para a realización da declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como un modelo para realizar a declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades participadas por elas e das liquidacións dos impostos sobre a renda, patrimonio e, de ser, o caso sociedades e a creacións dos seus correspondentes rexistros.

Incorporados os modelos anteditos ao expediente emítese informe xurídico polo Secretario Xeral de data 31 de maio de 2011 e proposta de aprobación dos devanditos modelos.

Non suscitándose debate ningún o pleno por unanimidade adoptou o seguinte acordo

Primeiro.- Aprobar o modelo de documento necesario para a realización da declaración sobre causas de posible

incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como o modelo para realizar a declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a renda, o patrimonio e, de ser o caso, as sociedades, que se insiren a continuación.

Segundo.- Aprobar a creación dos correspondentes rexistros de actividades e de bens patrimoniais.

Terceiro.- Comunicarlles aos representantes locais, aos membros non electos da Xunta de Goberno local, ao persoal directivo local, que deberán completar e presentar no rexistro correspondente a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo e das liquidacións dos impostos sobre a renda, o patrimonio e, de ser o caso, as sociedades, segundo o modelo normalizado.

3536.- PATRIMONIO, APROBACIÓN RECTIFICACIÓN INVENTARIO EJERCICIO 2010.- De conformidade co disposto no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sometido a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día por non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha esta quedou aprobada por unanimidade de votos dos membros presentes.

Polo Sr. Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación da rectificación do Inventario Municipal de Bens correspondente ao exercicio 2010 iniciado a proposta da alcaldía de data 29 de marzo de 2011 no que se consigna que se realicen as oportunas alteracións durante o exercicio 2010, tanto en aumentos como en baixas, determinando o patrimonio líquido.

Incorpórase ao expediente resumo das altas e baixas producidas no devandito patrimonio co seguinte resultado:
Activo: Aumentos bens inmobles (epígrafe 1) 1.960.642,61 €, aumentos vehículos (epígrafe 5) 35.352,40 €. Mobles non comprendidos anteriormente (Epígrafe 7) 105.826,86 €. Baixas bens inmobles (Epígrafe 1) 0 € Baixas vehículos (Epígrafe 5) 0 € Mobles non comprendidos anteriormente (Epígrafe 7) 5.530,00 € **Pasivo:** Aumentos 2010: 1.967.000,00 € Baixas: 2010: 679.648,37 €. **Suma Activo a 31.12.2010:** 11.597.066,13 € **Suma Pasivo a 31.12.2010:** 10.305.720,37 € **Diferencia patrimonio Líquido a 31.12.2010: 1.291.345,76 €.**

Consta no expediente informe xurídico do Secretario Xeral de data 31 de maio de 2011 así como proposta da

alcaldía de data 29 de marzo de 2011 de aprobación do expediente formada pola Unidade de Patrimonio así coma da remisión dunha copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Non suscitándose debate ningún a Corporación por unanimidade dos membros presentes na sesión acordou aprobar o expediente de rectificación do Inventario de Bens correspondente ao exercicio 2010 adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período entre o 01/01/2010 ao 31/12/2010 nos termos que figuran no resumos que consta no expediente.

Segundo: Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

MOCIÓNS URXENTES.- Non se producen.

ROGOS.- Prodúcense os seguintes:

O Sr. Martínez Nacemento roga que se lle traslade aos /as traballadores/as do Concello o seu agradecemento polo trato recibido durante a súa etapa como Concelleiro no Concello de Poio.

A continuación, interveñen os Concelleiros D. Francisco Piñeiro Murillo e D^a. Luz Senra Lorenzo, felicitando ao Sr. Alcalde, polos resultados nas eleccións municipais pasadas e agradecendo o tratamento recibido por toda a corporación.

PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.